

REGISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAIDA Data: 21/12/2020 12:50:55
 16435/20

D. Miguel Angel Delgado González
prensa@pladesemapesga.com

Reclamante: D. Miguel Ángel Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (Pladesemapesga)
Expediente: RSCTG 68/2020

Correo electrónico: prensa@pladesemapesga.com

ASUNTO

Cuestións requiridas por vostede tras a emisión da resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Recibido o seu correo de data 21 de outubro de 2020, no que solicita información á Comisión da Transparencia sobre a fase na que está o procedemento en relación á resolución de data 29 de setembro de 2020 no expediente **RSCTG 68 /2020** infórmolle o seguinte:

No escrito remitido desde esta institución o pasado día 20 de outubro indicámoslle que o prazo dado á Consellería para o cumprimento da Resolución finalizaba o día 21 de outubro de 2020.

Como se lle comunicou, a administración afectada ten a obriga de cumprir a resolución nos seus propios termos e notificarlo a esta comisión, acto que a día de hoxe aínda non se produciu.

Á vista do seu escrito nesta mesma data remítese oficio á Consellería de Sanidade, para que en cumprimento do artigo 35 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, facilite a información necesaria para poder incluír os datos deste expediente no informe anual ao Parlamento nos termos previstos no artigo 36 desta mesma norma.

Por último indícolle que respecto ao dereito de acceso á información a Lei 1/2016, carece dunha regulación fronte as consecuencias desfavorables derivadas dos incumprimentos da normativa ou da falta de execución das resolucións emitidas. Sen embargo, sería posible dentro das competencias do Valedor do Pobo, establecidas na Lei 6/1984, do 5 de xuño,

analizar o funcionamento do suxeito titular da información, sen que estas actuacións paralicen os prazos legais para interpoñer os recursos correspondentes, petición esta que debería solicitar directamente ante o Valedor como queixa.

Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2020.12.21 10:02:24 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia